

DE ROCAS A PALABRAS

Inés Diéguez González

Non sabía que facer. Tiña o vento azoutándome na cara e a area rozándome os pés. O aire axitábame a melena do cor das grosellas e levantábame o vestido. Ó lonxe escoitaba o humilde regato ruxindo entre as follas pardas que non paraba n de caer provocando unha preciosa neve avermellada. Decidinme e levanteime do banco. O chan estaba frío e húmido. Alisquei de lonxe un par de casas e puíden ver como se apagaban as luces nunha delas. Apoucada achegueime a unha chea de follas secas, tombe ime e, sen querer evitalo, durminme. Notei que algo me punzaba o costado, apartei as follas e leveime unha decepción ao descubrir que soamente se trataba dunha pedra un tanto puntiaguda. Tomeina cunha man e lanceina con rabia contra o pé dunha árbore.

Ao día seguinte non me acordaba de nada, estaba mollada, sucia e segura de que cada persoa que pasase ante min soltaría unha pequena moeda con cara de desprezo e pena á vez. Notei como unha bágoa rodaba pola miña meixela. O orballo matutino empapaba o meu ondulado pelo. Pensativa estalei nun pranto e co corazón nun puño desliceime sobre a terra. O meu vestido converteuse nun potingue cor marrón verduzco. Desconsolada comezaron a ruxirme as tripas e desesperada empecei a buscar algo que comer. Tiña ante min unha chea de auga pero non sabía se arriscarme a unha boa indigestión. Atopei un pequeno anaco de cortiza dunha árbore, collín unhas pingas de auga e, indecisa e medorenta, dei un grolo sen moita convicción. Non notei nada en especial, excepto un sabor xeado que me percorreu a gorxa, pero non tardou en desaparecer cando me chegou ao peito. Repetín o xesto varias veces ata saciar a miña sede.

O único que quería naquel momento era coller unha folla de papel e un lapis e mergullarme nese mundo que tan feliz me facía. Encantábame coidar cada palabra como pequenos tesouros que albergaba na miña mente.

Ó lonxe puíden comprobar como saía fume da cheminea do meu antigo fogar. Deixei que me percorresen a cabeza todo tipo de vellos pensamentos. Non podería volver tras o acontecido días atrás no meu décimo aniversario. Todos seguirían enfadados.

